

RELATOS FEMINISTAS, EMILIA PARDO BAZÁN

Con intención de celebrar coas nosas lecturas o 25N, o 21 de decembro reunimos o noso Club de adultos para comentar os relatos feministas de dona Emilia Pardo Bazán que xa traballamos previamente co alumnado de 4º de ESO.

Tamén neste caso os e as participantes na xornada sentíronse moi sorprendidos ao decatarse da modernidade da narración de dona Emilia e na súa capacidade para denunciar o papel secundario da muller na súa sociedade.



Analizamos os distintos tipos de violencia que vivían as mulleres da época, e que tan ben presenta Pardo Bazán na súa obra: as agresións do marido no fogar, o egoísmo dos varóns que non lles permitían ás féminas da casa unha vida independente, ou os ataques contra as que pretendían vivir libremente lonxe de estereotipos. Pero tamén destacamos a presenza de narracións en que as mulleres rexeitaban unirse a un home que mostraba un carácter violento.

Con espírito crítico, comentamos que, a pesar de que as cousas cambiaron notablemente dende a época da autora coruñesa, a violencia contra as mulleres segue moi presente na nosa sociedade e que, aínda hoxe, moitas mulleres senten que na súa vida debe existir necesariamente un home para sentirse protexidas